

Texto e ilustracións: **LEO LIONNI**

Cartón duro. 16x16 cm. 14 páxinas.

Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "Cando?". ISBN 978-84-8464-719-5
"Onde?". ISBN 978-84-8464-718-8
"Que é?". ISBN 978-84-8464-716-4
"Quen é?". ISBN 978-84-8464-717-1

-Castelán: "¿Cuándo?". ISBN 978-84-92608-07-2
"¿Dónde?". ISBN 978-84-92608-06-5
"¿Qué es?". ISBN 978-84-92608-04-1
"¿Quién es?". ISBN 978-84-9208-05-8

-Portugués: "Quando?". ISBN 978-989-8205-18-6
"Onde?". ISBN 978-989-8205-19-3
"O que é?". ISBN 978-989-8205-21-6
"Quem é?". ISBN 978-989-8205-20-9

Prezo: 6 € / unidade

CANDO? ONDE? QUE É? QUEN É?



**Estes catro libriños abordan catro grandes cuestións.
Moitos nenos non saberán as respostas de maneira inmediata.
Pero as respostas correctas non son tan importantes.
O propósito destes libros é entrenar o ollo e a mente dos pre-lectores.**

Libros sen texto, de pequeno formato, cartón duro e cantos redondeados. As ilustracións, sinxelas e facilmente recoñecibles, son perfectas para que o pre-lector faga unha lectura visual das situacións, espazos, obxectos e figuras cotiás que o rodean. Este achegamento á realidade, a partir de catro preguntas básicas -que é? quen é? cando? e onde?- permitiralle adquirir vocabulario, socializarse e familiarizarse co contorno.

LEO LIONNI

(Amsterdam, Holanda, 1910-Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai fora cantante de ópera e o seu tío Piet foi un gran afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. Mais a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía.

O seu primeiro libro para nenos non chegaría ata moitos anos despois, case por casualidade. Durante unha viaxe en tren ocorreuselle a idea de entreter os seus netos cun conto a partir duns anacos de papel de seda. Así xurdiu "Pequeno Azul e Pequeno

Amarelo". Foi o primeiro dunha longa lista -máis de 40- de obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada, como "Frederick", "Nadarín" e "A casa máis grande do mundo", los catro editados por KALANDRAKA. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia e máis tarde para a Corporación Olivetti e a revista Fortune. Tamén crecía a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia".



- **Temática:** libros de coñecemento
- **Idade recomendada:** pre-lectores dende cero anos
- **Aspectos destacables:** lectura visual, vocabulario, cores, formas, situacións e obxectos cotiás